

FRANCOFONÍA

[Alexander Sokurov, 2015]

126

ESTREA EN NUMAX: 22.06.2016 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

FICHA TÉCNICA

Francofonía, le Louvre sous l'Occupation (2015, 87')

Dirección: Alexander Sokurov

Guión: Alexander Sokurov

Reparto: Louis-Do de Lencquesaing, Vincent Nemeth, Benjamin Utzerath, Johanna Korthals Altes, Jean-Claude Caër, Andrey Chelpanov

Montaxe: Hansjörg Weißbrich

Vestuario: Colombe Lauriot Prevost

Son: Emil Klotzsch

Música: Murat Kabardokov

Fotografía: Bruno Delbonnel

Produtora: Idéale Audience / Musée du Louvre (Francia)

Distribuidora: Wanda Vision

Formato de proxección: DCP 2K

FILMOGRAFÍA

Fausto, 2011

Aleksandra, 2007

El arca rusa, 2002

Moloch, 1999

Madre e hijo, 1997

Voces espirituales, 1995

Días de eclipse, 1998

PREMIOS

Venecia 2015 (sección oficial a concurso), Londres 2015 (nomeado ao mellor filme)

SINOPSE

Na Francia ocupada da II Guerra Mundial, as autoridades nazis decidiron protexer, pese ás circunstancias, a maior e máis valiosa colección de pintura do mundo: o Museo del Louvre. A través da historia de Jacques Jaujard e o conde Franz Wolff-Metternich, no París de 1940, Sokurov explora a relación entre a arte e o poder, sendo o Louvre o principal lugar da civilización viva.

«A paixón coa que Sokurov comunica ese torrente de ideas fai de *Francofonía* algo xenuinamente fascinante, suxerente e moi fermoso»

Nando Salvá. CINEMANÍA



FRANCOFONÍA

[Alexander Sokurov, 2015]

«Os franceses foron os primeiros en formular a idea do museo como unha misión do estado»

Entrevista con Alexander Sokurov

Por Valery Kichin

Cal era a idea orixinal do filme?

Pregunteime como o Louvre puido sobrevivir baixo a ocupación nazi. Estiven en contacto coa guerra moitas veces, vin unha chea de documentos, material de arquivo. E pensei nos días nos que o exército de Hitler entrou no territorio da capital cultural mundial. Que sucedeu en París cando os franceses permitiron que o inimigo entrase na capital e o goberno fuxiu cara ao sur? Como puido suceder algo así? Ollaba todo isto cunha implicación persoal porque coñezo a experiencia do meu país. Sei canto nos custou esta guerra. Meu pai loitou nela e temos todos a guerra moi presente.

Francia ollou sempre con ansiedade calquera intento de regresar a este conflito. Trátase dun tema moi difícil de tratar aquí. E cando dixen que quería enxergar o que aconteceu os meus colegas franceses decatáronse de que o filme tería que tratar cuestións históricas, políticas e morais. E estas cuestións son realmente complexas.

Tanto n'A arca rusa (2002) como en Francofonía ollas o Hermitage e o Louvre como fontes das leccións da historia? Iso é certo, sen dúbida. De todas as institucións humanas, os museos son o único espazo no que nos mostramos dun xeito material, sen demagogia, no que a arte tentou modelarnos de xeito decente, humanitario, consciente.

Como é que aparece Napoleón nun filme sobre a ocupación alemá do Louvre? Esa historia ten a ver cos comezos do Louvre, e no camiño que o levou dunha empresa privada a unha misión pública. Os franceses foron os primeiros en formular a grande idea do museo como unha misión do estado. Isto é ao que os nosos políticos se están achegando agora. Recentemente asumimos un documento fundacional sobre as políticas culturais. Nel lese: a cultura é o sentido e a finalidade da existencia do estado. Este é un argumento importante e oponse á práctica tanto en Rusia como na Unión Soviética. Agora foi aprobado. Napoleón formulou isto no seu momento, consciente das accións a grande escala —políticas, educativas— que poden ser levadas a cabo a través do museo. Os museos tamén poden facer remitir o egoísmo nacionalista.

O teu filme está rematado desde hai tempo. Por que non foi incluído no programa do Festival de Cannes?

Non quería unha proxección pomposa en Cannes, especialmente na sección a competición. Mais accedemos a realizar a estrea no festival. O caso é que un chisco antes do certame, xente próxima a min díxome que o Ministerio de Exteriores francés se opuña á proxección do filme. Un cineasta ruso carrega inevitablemente ideoloxía rusa e nas presentes circunstancias, un filme así resultaba inapropiado. Por tanto o filme foi eliminado da programación e parécese ben, non é unha gran perda. Levámola logo a Venecia.

Mais iso non evitará que se proxecte en Francia, non si? A partir de novembro [de 2015] proxectarase aquí. En canto á decisión política de Cannes, probablemente sexa unha resposta ás actuais difíciles relacións entre os dous países. En xeral o Festiva de Cannes ten un importante soporte estatal e está moi politizado, sempre foi así.

Publicado en <http://rbth.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Le Musée du Louvre, Claude Delafosse. Gallimard, 2010

Mémoires du Louvre, Geneviève Bresc-Bautier. Gallimard, 2011

L'ombre de l'image: de la falsification à l'infigurable, Murielle Gagnebin. Champ Vallon, 2003

La estética geopolítica, Fredric Jameson. Paidós, 1995

El arca rusa, Alexander Sokurov. Intermedio [DVD]

Fausto, Alexander Sokurov. Cameo [DVD]

Aleksandra, Alexander Sokurov. Cameo [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME